



O Concello do Redondela pon en marcha un órgano de coordinación interna en materia de infancia e adolescencia.

18/01/2018



Pretende ser un **mecanismo de coordinación interna** do Goberno Local, que terá como primeira tarefa, participar do diagnóstico da infancia e adolescencia do concello, que se está a realizar, e no que se recollerá información sobre a situación da poboación de 0-18 anos do municipio.

Trátase dun proceso participativo, que se suma ao resto de traballos que se están levando a cabo neste sentido, como o pleno infantil celebrado fai uns meses, as enquisas realizadas a nenos e nenas, o traballo cos centros de ensino, ou unha próxima xornada de traballo con entidades relacionadas coa infancia,... e que están aportando moita información de cara a **elaboración do futuro plan de infancia** que establecerá as transformacións necesarias para facer de Redondela un concello no que os nenos e nenas sexan protagonistas principais.

Esta primeira xuntanza, que foi presentada polo alcalde e varios dos concelleiros/as mais directamente implicados na iniciativa, **participaron un total de 20 técnicos/as de todas as áreas municipais**, posto que como indicou Julio Mougán, Concelleiro de Xuventude e Deportes, como un dos promotores da iniciativa: “unicamente con esta coordinación a nivel interno e coa implicación de todas as áreas poderemos seguir avanzando no deseño das actuacións necesarias para facer deste concello un referente en materia de protección dos dereitos da infancia e da adolescencia”.

Este tipo de xuntanzas continuarán realizándose de xeito periódico no futuro, pois ademais de concretar as actuacións previstas no futuro plan municipal de infancia, a misión deste órgano, consiste en coordinar e dar de coherencia interna as políticas de infancia e adolescencia do goberno local, favorecendo a comunicación e colaboración entre representantes políticos e persoal técnico das distintas concellerías, departamentos ou áreas de traballo.